

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2022/7	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	25 de MAIO de 2023
Duración	Desde as 21:00 ata 22:00 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	NON
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	NON
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI



33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE OUTES ENCOL DO RECOÑECEMENTO DA FIGURA DE FERNANDO PESSOA E OS SEUS VÍNCULOS CO CONCELLO DE OUTES

O alumnado de 4º curso de Educación Secundaria Obrigatoria do Instituto de Educación Secundaria Poeta Añón de Outes, fíxolle chegar a esta Corporación municipal unha iniciativa para dedicarlle un espazo pública do noso concello á Fernando Pessoa. Deste xeito, preténdese recoñecer e divulgar non só a figura dun dos máis grandes escritores en lingua portuguesa, senón tamén os vínculos que unen a Fernando Pessoa co noso concello. Así segundo se acredita nos traballos do profesor e investigador Carlos Quiroga, o tataravó do escritor portugués por vía materna foi un emigrante galego en Portugal nado no noso Concello, Caetano Dionisio de Lens.

Tal e como indica o alumnado na documentación achegada á esta Corporación Municipal:

- A vinculación con Outes e o coñecemento de Fernando Pessoa deben ser divulgados no concello como un motivo de orgullo.
- A homenaxe a Fernando Pessoa é unha maneira de dignificar a memoria histórica e de recoñecer, como aconsella a UNESCO, o patrimonio material e inmaterial vinculado a toda a comunidade galega que tivo que partir a Portugal, ben por



motivos políticos ou económicos, como foi o caso de Francisco Añón ou o de Caetano Dionisio de Lens, o noso elo con Pessoa.

Por este motivo, a Corporación Municipal de Outes, acorda realizar a presente DECLARACIÓN INSTITUCIONAL, na que se asume ademais o compromiso de dedicarlle un espazo público destacado do noso concello á figura de Fernando Pessoa, literato universal en lingua portuguesa con raíces no concello de Outes.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos para indicar que ao ser unha declaración institucional atópase recollido o acordo, simplemente agradecerlle aos rapaces de 4º da ESO do Poeta Añón o traballo que fixeron e mostrar a nosa satisfacción polo seu interese e por en valor asuntos que teñen que ver co noso Concello como é este.

Toma a palabra a Sra. Suárez voceira do BNG que da as gracias por vincular ao Concello de Outes con Fernando Pessoa e darvos as gracias por este traballo de investigación a vos a ao voso profesorado. Que saibades que dende o principio sabiamos que era unha proposta que saíría a diante e que Outes merece que lle sea vinculado a Fernando Pessoa. Supoño que esperádabes saír hoxe de aquí cunha proposta firme no sentido de que espazo público vai levar ese nome. Dende o BNG o que se propuxo na Comisión é que forades vos os que escollerades a que rúa lle queredes poñer o nome de Fernando Pessoa no noso Concello. Moitas gracias e parabéns polo voso traballo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde que indica que dende o grupo de goberno reiterar o que xa dixemos o mes pasado, felicitarvos polo traballo feito e que da gusto ver como a metodoloxía de ensinanza vai progresando e vai cambiando ao longo do tempo e como ao final dan resultados distintos como unha declaración institucional no Pleno do Concello de Outes. Felicitarvos e reiterar que neste momento decidimos que era máis axeitado non sinalar cal podería ser o espazo público ao que poñamos o nome de Fernando Pessoa pero farémolo sempre consultando con vos, xa que sodes os máximos responsables desta iniciativa.

A) PARTE RESOLUTIVA



--

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación

Procédese á aprobación das actas das sesións correspondentes ao Pleno ordinario de xaneiro, o Pleno extraordinario febreiro, o Pleno ordinario de febreiro e o Pleno extraordinario urxente marzo por unanimidade.

2. Expediente 254/2021. Modificacións das Condicións de Traballo

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expor a proposta plenaria sobre o expediente 254/2023 que en primeiro lugar é un punto que se trata con certa urxencia e que era importante e consiste na modificación puntual da RPT e que precisan unha modificación urxente. En primeiro lugar en referencia a creación dun novo servizo e á eliminación doutro (PAI á EIM) o que se fixo no seu momento foi adscribir a esas traballadoras á EIM e ratificalo no pleno que se substancia por medio da RPT. Así como que tamén se plantexan unha serie de postos de traballo en casos de ampliación da EIM.

A segunda modificación ten que ver coa creación dun novo posto de técnico de turismo, a primeira delas é que estamos vendo que dende o punto de vista estrutural teñamos é necesario este posto, xa que, o sector turístico é moi importante no noso concello e coincide coa inauguración do espazo museístico que precisa desta praza. Polas dúas consideracións pola axuda e pola necesidade do posto estrutural pois precisa ser recollida na RPT. Así como facer referencia á modificación do tipo de permiso de condución de vehículos pesados que consta na proposta.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que o grupo esta a favor da estabilización de postos e xa no 2018 polo PP aprobouse a RPT do Concello de



Outes. Con respecto a este expediente de modificación temos dúbidas sobre o rigor da súa tramitación, no que se refire á modificación da RPT existe un informe de Secretaría no que se establece que o procedemento non cumpre os requisitos establecidos na lexislación vixente e considera a necesidade de adecualo á mesma para levar a cabo esta modificación. Parécenos que unha advertencia como esta que non se pode obviar o que debería facer un goberno responsable é atender a esta advertencia e darlle solución a estas anomalías apuntadas por Secretaría antes de traer a pleno este expediente.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que unha vez máis atopámonos cun expediente tramitado coa falta de seriedade para tramitar a RPT. Atopámonos cunha advertencia de Secretaría na que se lle advirte que esta RPT pode non estar ben regulada pero tamén é certo que esa responsabilidade recae neste Pleno. Sería bo que nas próximas tramitacións o grupo de goberno tomase nota das advertencias de secretaria e intervención, pero nós non podemos obviar a nosa responsabilidade ao estabilizar os postos do concello, a hora de prestar uns servizos necesarios como o da EIM para que se poida conciliar e que o noso concello siga medrando.

Cremos que estaría ben que antes de achegar a documentación se tratara co rigor suficiente para que non apareza a aprobación dun condutor de servizos múltiples cando son dous cousa que foi advertida e tramita na Comisión. Este tipo de erros non se deberían cometer. Xa lle fixemos chegar que por nós non se ia poñer en risco a EIM e a estabilización dos postos de traballo.

Toma a palabra o Sr. González que indica que efectivamente que os expedientes gustaríanos que viñeran impolutos dende o punto de vista administrativos pero as veces non é posible pero cremos que o relevante é o servizo que se presta e a seguridade xurídica dos traballadores, en relación co erro que había foi arranxado.

ACORDO

Á vista do informe-proposta feito polo técnico externo D. Santos Lorenzo Lorenzo, feitos e consideracións de índole técnica e legal que se veñen de expoñer,



procede a tramitación e aprobación, no seu caso, e con arranxo aos requisitos e procedemento sinalados no antedito informe-proposta, da segunda modificación puntual da RPT municipal agora pretendida, nos termos e co alcance sinalados no apartado II e anexos finais.

Así pois, formúlase o seguinte acordo para que, previa negociación colectiva e incorporación ao expediente dos informes correspondentes, sexa sometida á deliberación e aprobación, no seu caso, do Pleno municipal, en tanto que órgano municipal competente ao efecto:

PRIMEIRO.- Proceder á aprobación da segunda modificación puntual da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Outes, nos termos e co alcance sinalados a continuación:

1º.-Creación/previsión, dentro do Departamento de Educación (código 08), e por substitución da anterior unidade do PAI e dos postos adscritos á mesma, dunha nova división administrativa interna correspondente á ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL (EIM), código 08.01, con adscrición dos postos correspondentes (códigos 08.01.01 a 07), consonte aos termos, características e condicións definitorias fixadas no CADRO RPT que figura no ANEXO I

2º.-Creación/previsión, dentro do Departamento de Cultura, Xuventude, Ocio-Tempo Libre e Biblioteca, dun novo posto de TÉCNICO/A DE TURISMO (código 06.00.08), consonte aos termos características e condicións definitorias fixadas no CADRO RPT que figura no ANEXO II

3º.-Adecuación dos requisitos de desempeño dos postos de CONDUTOR/A-SERVIZOS MÚLTIPLES con códigos 09.01.01 e 09.01.02, para que deixe de esixirse o permiso de conducir clase C+E e pase a requirirse o permiso clase C., dando lugar ao novo CADRO RPT destes postos que figura no ANEXO III.

SEGUNDO. Publicar integramente a citada relación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello.

TERCEIRO. Remitir una copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

As anteriores conclusións e propostas de actuación/acordo emítense sen prexuízo



dos informes dos servizos/postos municipais correspondentes. Entre os que deberá figurar, cando menos e con carácter preceptivo (véxase o apartado 6º do artigo 3.3.d do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo), o da Secretaría municipal; que se deberá acompañar, tamén, do correspondente informe da Intervención municipal, en cumprimento do disposto, ao respecto, no artigo 4.1 do RD 128/2018 e 213 e seguintes do TRLRFL. E todo isto sen menoscabo do que poida finalmente acordar o Pleno municipal, en tango que órgano municipal competente ao efecto.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 4 abstencións

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE:

3. Expediente 347/2023. Planificación e Ordenación de Persoal

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para establecer os termos da proposta relativa ao Exp. 347/2023 para continuar o expediente anterior que é preciso realizar unha modificación do cadro de persoal.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que en canto a modificación do cadro de persoal máis do mesmo, informe de intervención desfavorable pola inclusión na plantilla dun técnico de turismo a xornada completa porque entre outros, que non se incorporou ao expediente a valoración no aumento de gasto no capítulo 1 de persoal, non se da ningún dos supostos para que se permita aumentar a plantilla que son que o gasto se vexa compensado con outras baixas ou que sexan servizos obrigatorios por disposición legais. No informe de intervención



tamén se advirte que este incremento será o aumento do déficit do exercicio, esta falta de atención polo goberno aos informes desfavorables tanto de secretaría como intervención non é nada novo, é sinxelo é facer caso a eses informes.

Un asunto desta importancia con tan pouco rigor no expediente e informes desfavorables non debería ser proposto para aprobación en pleno sen darlle á solución ás deficiencias que se indican e menos nun pleno que se realiza dous días antes dunhas eleccións municipais.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que redundar de que deberían facer casos aos informes e que deberían darlle a importancia que teñen pero xa debatemos na comisión de contas sobre esta cuestións e unha vez máis o BNG non vai poñer en risco ningún dos servizos.

Toma a palabra a Sra. González ten un trasfondo que son as prioridades deste concello. En canto a puntualización da intervención de que non é un servizo básico tampouco a EIM pero consideramos que debemos proceder á modificación da RPT e ter en conta a repercusión económica.

Indica a Sra. Molinos que non se refería as cuestións económicas senón as que poidan ter estabilizar un posto de traballo sobre un expediente que hai informes de intervención e secretaría desfavorables e que non só ñe polo aspecto económico.

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do cadro de persoal municipal que ten por obxecto:

1. **creación** das seguintes prazas:

Persoal laboral fixo

Denominación	GRUPO	N ^o de prazas
TÉCNICO/A DE TURISMO (código 06.00.08)	Equiv. A1	1



2. **modificación** das seguintes prazas:

A/ paso de laboral temporal a laboral fixo

Denominación	GRUPO	N º de prazas
MESTRE (código 08.01.01 A 04)	Equiv. A2	4
EDUCADOR (código 08.01.05 A 07)	Equiv. B	3

B/ modificación dos requisitos referidos a permiso de circulación, esixible exclusivamente permiso C

Denominación	GRUPO	N º de prazas
CONDUTOR DE SERVICIOS MÚLTIPLES (código 09.01.02)	Equiv. AP/C2	2

SEGUNDO. Someter o presente acordo a información pública por prazo de quince días mediante anuncio en o Boletín Oficial da Provincia, durante ese prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Transcorrido devandito prazo, se non se presentaron alegacións, entenderase elevado a definitivo este acordo de aprobación inicial.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 4 abstencións

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE:

C) ROGOS E PREGUNTAS

- PREGUNTAS DO PLENO ANTERIOR:



- **BNG:**

PRIMEIRA 1. Xa lle advertimos anteriormente e observamos que sigue coas mesmas actuacións é referente ao espazo da estrada da Xunta de Galicia á entrada do noso Concello no espazo da carreteira vella. Xa no seu momento houbo un derrubo no corredor e usaron ese espazo para votar os restos. Xa se preguntou se se puxeran en contacto con estradas de Galicia e que lle advertiran que non poden usar ese espazo como un vertedoiro pois o problema segue aumentando, xa que, agora ha restos de árbores. Fixeron algo porque estradas de Galicia deixara de utilizar ese espazo como un vertedoiro na entrada do noso Concello?

Responde o Sr. González que se puxeron en contacto con nós para indicarnos que ían usar ese espazo para acumular temporalmente alí os restos de limpeza de cunetas do tramo e que inclúe os restos vexetais. Que é unha cuestión temporal e non vimos maior problema, no quere dicir que esteamos atentos a que poidan depositar unha serie de residuos que non sexan axeitados.

Indica a Sra. Suárez que os restos foron depositados alí e seguen estando e non sei se é a intención de estradas de Galicia usar a entrada do noso Concello como un depósito de restos. Paréceme un pouco lamentable. Igual que temos obrigas na limpeza eles tamén a teñen.

PREGUNTA 2. Esta semana do IES Poeta Añón quedaron tirados na saída das aulas pola falta de tres autobuses que cubrían varias liñas e as familias tiveron que acudir a buscalos sen aviso previo. Son vostedes coñecedoras desa situación e pensan tomar algunha medida? E van facer algo ante a Consellería para que Outes deixe de perder servizos no transporte públicos e no escolar?

Responde o Sr. González que o único problema do que somos coñecedores neste senso foi nun día de folga que non se cumpriron os servizos mínimos. Polo demais falamos de forma continua con mobilidade e estamos insistindo para que se resolvan os problemas que se derivan. Sendo este que indica un problema puntual.



Contesta a Sra. Suárez que non foi durante o período de folga e a precarización do servizo público empeza a ser moi serie e non cumpren con certas obrigas e series de licencias, foi un día sen folga e non chegaron algunhas liñas de autobuses.

PREGUNTA 3. Cantas licenzas de obra e primeira ocupación deron vostedes este ano na parroquia de Cando?

Responde o Sr. González que somos coñecedores e se non estamos equivocados só se deu unha licenzas de obra e nin se queira porque foi unha comunicación previa para unha piscina do Hotel e esta é a única.

Indica a Sra. Suárez que licenzas de obra de primeira ocupación só deu esa pero durante o seu mandato deron bastantes máis, a estas alturas debería ser coñecedor de que a parroquia de Cando é a que máis está medrando así que cremos que ben vale un pouco de esforzo polo seu goberno.

Toma a palabra o Sr. González que a atención que recibe a parroquia de Cando pretendemos que sexa igual que a de resto de parroquias.

- PREGUNTAS PRESENTADAS POR ESCRITO PARA ESTA PLENO:

- **PP:**

1ª PREGUNTA. Hai moito tempo que vimos observando o paulatino deterioro que se está vendo sometida a Pista de Pádel anexa á Piscina Municipal e máis ao seu entorno. Hai unha gran cantidade de escombros depositada na entrada e o chan da pista está completamente embarrado. Preocúpanos o estado de abandono total dunha instalación deportiva municipal que noutro tempo viña sendo moi utilizada.

Con respecto a este asunto,

- ¿De onde procede o escombros que se atopa diante da pista de pádel?
- ¿A que se debe a falta de atención e de mantemento que está a sufrir esta instalación municipal?
- ¿Cándo se lle fixo o último mantemento ao chan instalación e en que consistiu?



Responde o Sr. Rodriguez que o escombros que alí está procede da obra da Senda peonil da praza do Bosque ata a piscina e será retirado cando remate dita obra. O que é a instalación non é por falta de mantemento xa que a súa vida útil chegou ao final e dende fai catro meses determinou isto unha persoa especialidade. Todo isto invítanos a cambiala no menor tempo posible. O último mantemento foi en outubro de 2022 e consistiu nunha limpeza e con reposición de area.

A Sra. Molinos indica que se morreu a pista de pádel e que entón ten unha vida útil de ben poucos anos, se o dixo un técnico da materia haberá que crelo pero sorprendente moitísimo. Responde o Sr. Rodríguez que non é especialista en pistas de pádel e que o especialista si e croe que o feito de que estea a intemperie determina bastante a súa vida útil e pretendemos cubrila para tamén alongar a súa vida útil.

2ª PREGUNTA. O día 04 deste mes de maio, o Sr. Alcalde ditaba unha Resolución de Alcaldía pola que ordenaba un pago de 14.400€ á Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia que se correspondía coa devolución dunha subvención concedida ao Concello de Outes e enmarcada no “Programa de Fomento á Conciliación”.

- ¿A que ían adicados concretamente eses cartos que a Xunta lles concedeu e o seu Goberno tivo que devolver por falta de xustificación do emprego dos mesmos?
- ¿Cal foi o motivo polo que non empregaron os cartos da axuda?

Responde o Sr. González que esta axuda pediuse para unha serie de gastos vinculados co servizo de conciliación e estes servizos se prestaron igual e é certo que non se puido xustificar e non se puido por cuestións de índole administrativo polo tipo de contrato e traballabamos con contratos menores. O servizo funcionou como debería funcionar.

Indica a Sra. Molinos que o Sr. González non podía rematar o seu mandato sen a perda de outra subvención de 14.400€ ao igual que no restos de anos case 300.000€ perdidos en subvencións xa concedidas, prodúceme unha gran sorpresa que lles den cartos e as devolvan porque non as xustifican.



Indica o Sr. González que moitas veces non é posible por cuestións administrativas e vostede sigue apuntando estes 300.000€ e que a subvención que tivemos que devolver máis importante foi a relativa ao financiamento do Estaleiro por non ter o permiso de costas e fixo perder 100.000€ e que a obra empezara un ano máis tarde. Gustaríanos que non se perderan as subvencións pero si temos que comparara gobernos e subvencións non hai comparación e fai referencia a algunhas das subvencións conseguidas polo goberno.

3ª PREGUNTA. Estamos a día 24 de maio e non vemos que o Goberno Municipal dera ningún paso para a contratación de socorristas para as nosas praias. Non temos constancia de que se abriera algún proceso de selección de persoal para contratar aos profesionais necesarios para darlle cobertura á seguridade dos areas municipais durante a tempada de verán.

Semella que a situación neste ano, vai a ser a mesma que no ano anterior e que de novo o Goberno non vai ser quen de dotar de socorristas ás praias do Concello.

- ¿En que proceso está a selección de persoal para cubrir as prazas de socorristas nas praias do Concello durante o verán do 2023?
- De ter algunha previsión pola súa parte sobre este tema, ¿como teñen pensado cubrir este servizo no que se refire á parte estrutural do mesmo (datas de comenzo e remate, número de traballadores, horarios etc.?)

Responde o Sr. González que estamos a piques de iniciar o proceso de persoal porque aínda onte chegou a autorización da Xunta de contratación anticipada que nos permite beneficiarnos dos socorristas. Temos solicitados fai tempo a contratación do número máximo de socorristas que podemos contratar acorde as axudas, que son 6, pero temos que esperar a que haxa unha confirmación definitiva e en canto a teñamos poderemos establecer cal será a duración e agardamos que sexa a mediados finais de xuño, os horarios etc. A nosa intención é seguir cubrindo este servizo como xa se fixo noutros anos.

Indica a Sra. Molinos se lle chama cubrir o servizo co que pasou o ano pasado na praia de Broña? Cando non contratou a un só socorrista que fora socorrista? A única vez nos últimos catro anos que en Broña houbo socorristas que cubriran o tempo



dende mediados de xuño a mediados en setembro foi no verán de 2019 porque quedaron contratados do anterior goberno e os anos seguintes non os houbo como é debido.

Responde o Sr. González que agarda que non sexa así e o ano pasado tivemos servizo de socorristas. O que pasaba en 2019 é que vostedes contrataban con servizos propios a cinco socorristas e cando chegaba a subvención tiñan que contratar outros cinco e atopábanse con dez socorristas no noso concello. Hai un problema estrutural pola escaseza de socorristas e agardamos que este ano teñamos eses socorristas.

- **BNG:**

1ª PREGUNTA. Estalle chegando comunicacións a diferentes veciños do noso Concello con respecto á resolución do parque eólicos no Monte da Pena, cuestión os parques eólicos que nada lles preocupou defender os intereses destes veciños ou pouco ou nada lles preocupou este tema dirixíndome ao PP. Queremos saber que foi da declaración do ENIL que lle pedimos dende o BNG para protexer un enclave paisaxístico e arqueolóxico vital para o noso concello? Que foi da declaración de ENIL?

Responde o Sr. González que iniciamos a declaración de ENIL pero quen aproba é a Xunta de Galicia que require unha serie de procedementos que aínda non temos. A declaración ou non de ENIL non impediría que se levase a cabo esta autorización. A nós parécenos que o procedemento ten algunhas lagoas e que estamos pensando na presentación de recurso de alzada con respecto ao mesmo.

Remata a sesión ás 22:00 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

